

Antes que a memoria esqueza...

Esta na miña intención render unha merecida homenaxe a un grupo de mulleres, protagonistas de numerosas penurias que tiveron que pasar. Unha xente esforzada da que poucos se lembran.

Que me leva a recordalas?

Hoxe somos usuarios dun local social e unha explanada, berce das asociacións da parroquia e onde dinamizamos a vida social de Abelleira.

Por outro lado no noso labor das tradicións mariñeiras en 2009 fixémonos cun galeón, embarcación moi ligada a esta historia.

Escribo esta historia o 8 de marzo, Día da muller traballadora.

Poñámonos en situación

Esta historia acontece arredor do ano 1955 (fai uns 65 anos, 15 anos despois do remate da Guerra Civil). Nas fotos pódese ver o galeón do serradoiro, o Adelino Manuel, chamado na parroquia Precioso, que se afundiou en Muros o 20 de febreiro de 1956, costándolle a vida aos dous tripulantes.

O serradoiro era de dimensións pequenas, estaba no proceso de cambiar do vapor á electricidade. Non contaba con ningún tipo de maquinaria, non sendo a serra. Polo que se ve non a necesitaba, a man de obra feminina era moi barata. E daba para manter o funcionamento do mesmo, e para ir ampliando cara ao mar a superficie exterior.

Son os anos de máis miseria do século XX. Tamén son anos de medo e resignación, o empresario tén máis poder que nunca.

Trabállase arreo na agricultura, pero as colleitas non chegan para o autoconsumo, os meus informantes neste punto discrepan sobre as causas:

- Un comenta que eran causas climáticas, eran veráns moi secos, durante todo o verán predominaba o nordés, e secaba todo.
- O outro comenta, que era por culpa das sementes.

Coa xente pasando fame, aínda había veces que se requirían cartos, por exemplo para pagar a contribución ou para acudir a un médico. Neste caso recorríase ao monte que era un capital de reserva “unha caixa de aforros”

Baixábase un carro de pinos, e saíase do paso.

Cunhas vacas famélicas, de madrugada (aínda de noite) saían para o monte, coa intención de chegar ao mediodía ao serradoiro, despois de cobrar na man, era parada obrigada, a taberna de Ramón do Salto, as vacas entretíñanse cun monllo de palla que traían enriba dos pinos, sen comer e co viño que tomaban, a media tarde a volta conseguíase porque as vacas xa sabían o camiño.

As mulleres

Podémos imaxinar aquela época, pero seguramente nos quedaremos curtos. Onte ao falar cun informante, chamoume a atención como mudou o seu rostro ao falarme das condicións de traballo destas mulleres.

A situación de miseria xeneralizada en todo o país, era máis dura nalgúns fogares, e estas servían para proporcionar man de obra ao serradoiro.

Facían traballos de homes por un salario de 8 pesetas, sen ningún tipo de seguro,

carecían de calquera tipo de maquinaria para facilitarlle o seu labor.
Os seus ombreiros e cabeza, eran suficientes para mover todo o serradoiro e máis.

A miseria era a moeda máis corrente naquel traballo.
Vestían unha farrapenta indumentaria de traballo, feita de retrincos, tiñan tanta resina enriba que estaba tesa, mal calzadas, e ás veces descalzas.
Mal alimentadas, normalmente unha auga de caldo cunha codia resesa “do pan que o demo amasou”. Recibían decote insultos e malos modos.

Ás veces as pesadas rollas de piñeiro estaban a 100 metros, cunha palicorda, entre 6, levaban as rollas á serra. De contado comezaban a saír táboas que había que encastelar na explanada.

Non había parada, tamén había que carrexar leña para a máquina de vapor.
Ameaza choiva, rapidamente hai que poñer a cuberto as tablillas, se non quedan negras, e non as queren.

Tamén había que cargar e descargar o galeón, cargábase leña para descargar na praia da Rocha, para as panadarías da zona. Ou cargábase tablilla para cargar noutro barco que se atopaba en Muros. Máis duro era descargar a rolla de piñeiro que embarcaran na praia de Esteiro ou Carnota, cargaba 12 toneladas.

Ás veces o galeón ía a Dena, no final da ría de Arousa, preto do Grove, a por tellas, e que chegaban molladas e pesaban moito, tendo que pasar coa carga por riba dunha táboa.

A todo isto hai que sumarlle que o serradoiro estaba a ganarlle terreo ao mar, moitos metros cúbicos, miles de toneladas, que pasaron polas cabezas destas mulleres, nesta ocasión fixéronlle unhas pesadas tinas, coas que ir buscar terróns que arrincaban na zona de Lamas, a uns 300 metros.

Tamén dispuxeron dunha especie de carro, pero non para vacas, se non que era tirado polas mulleres.

Do piñeiro aproveitábase todo, pero non era viable, só o era polo esforzo das mulleres, táboas grandes facían poucas, o que máis facían era tablilla, que se usaba na industria pesqueira, na fábrica de tabacos da Coruña, para envases de cítricos, uvas e pasas de Levante e Andalucía, caixas para o coñac...

Moito traballo e tempo, para facer tantos cortes, por non dicir o serrín que se desperdiciaba.

Os bicos dos piñeiros enviábanse ás minas de Asturias e Gales.

A descarga do galeón ás veces producíase na praia e alí dependíase da marea, collas de mulleres cunha man presta para soste a tina que levaban na cabeza protexida polo mulido e a outra arremangándose a saía.

Como era de agardar ningún organismo público tivo a ben mirar por elas, e padeceron, avanzada a súa vida laboral, reuma e artrite.

Solicitou o serradoiro a enerxía eléctrica, e foi a oportunidade de que chegara aos fogares da parroquia. Hai a anécdota de que nun principio permitíase 4 bombillas por fogar, pero ao pouco mandaron a estas mulleres con cestos a requisar dúas por fogar, quedando só con dúas.

José-Antonio Rama
Asociación de Veciños A Ostreira de Abelleira